



Evento do Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal



10 e 11/11/2021



CIDADE DA CULTURA E STREAMING

O evento CIBER.gal celebrarase os días 10 e 11 de novembro na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

Organizado e promovido polo **nodo galego de ciberseguridade CIBER.gal**, será un evento integrador que aglutinará a entidades referentes como o Instituto Nacional de Ciberseguridade (INCIBE) e o Centro Criptolóxico Nacional (CCN), ás principais empresas do ecosistema de ciberseguridade da Comunidade, e a axentes clave dos sectores tecnolóxico, da investigación e o coñecemento.

Se a situación o permite desenvolverase presencialmente, aínda que tamén será retransmitido por internet.

Cal é o programa?

- › **Día 10 de novembro:**
 - › Mañá dedicada a actividades destinadas ao colectivo empresarial, con charlas, paneis de debate e talleres prácticos de ciberseguridade.
 - › Tarde dirixida á cidadanía, con actividades de interese para os menores, familia e perfís con interese de especialización no ámbito da ciberseguridade.
- › **Día 11 de novembro:**
 - › Celebraranse actividades como charlas divulgativas e paneis de debate achega do estado actual da ciberseguridade, necesidades e principais retos na Administración Pública.
- › Proximamente publicaranse as entidades participantes, o programa detallado e os relatores do evento.
- › Está atento ás novidades!

Cando e onde?

10 e 11 de novembro de 2021

Cidade da Cultura**Streaming**

Para quen?

- › Administracións públicas locais, autonómicas e nacionais
- › Empresas, profesionais e emprendedores do sector da ciberseguridade
- › Persoal de entidades académicas e de investigación
- › Cidadanía: familias, estudantes, cidadáns interesados en coñecer máis de preto o sector

Por que?

- › Concienciar sobre a importancia de adoptar medidas de ciberseguridade
- › Informar da situación actual da ameaza
- › Comunicar os mecanismos existentes para impulsar a industria da ciberseguridade de Galicia
- › Achegar a realidade laboral do sector e fomentar a creación de talento especializado
- › Estimular a creación dunha ampla rede de contactos con intereses similares

Estate atento ás próximas novas para máis información